



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:	
Data:	Nivel: CELGA 3 LF

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:
DNI / NIE / Pasaporte:
Nacionalidade:
Data de nacemento: ___ / ___ / _____
Sexo: <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
Lugar de nacemento: <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía
Lugar de residencia: <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea
Tipo de estudos cursados: <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos

Estes datos serán totalmente confidenciais.

INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións antes de responder.
- Usa bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che preguntan.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- Só se entrega un caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses líquido ou cinta correctora.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- **Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.**



2023320276

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C3-A-II-23-LF

Proba A1

A casa de cultura da túa vila publica unha revista cada ano.

Calquera veciño ou veciña pode colaborar e escribir nela sobre calquera tema.

Despois de ver un documental na televisión sobre a fabricación e o comercio da roupa en Galicia, decides escribir un **texto** para a revista sobre este tema.

O **texto** debe ter de **260 a 300 palabras**.

Neste texto, debes:

- Dar a túa opinión sobre a importancia da roupa na vida das persoas na sociedade na que vivimos.
- Indicar como foi cambiando a maneira de fabricar a roupa e a maneira de vendela.
- Indicar algunha situación que, no momento actual, lles está a causar problemas aos comercios de roupa máis pequenos.
- Propoñer algunha maneira que che pareza interesante para que as empresas de roupa vendan máis.



NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A1 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A1 test question.



Proba A2

Ti e unha amiga túa levades tempo pensando en crear un negocio entre as dúas.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) acaba de publicar unha convocatoria de axudas para crear novas empresas.

Despois de ler as bases da convocatoria de axudas, pensas que vos poden interesar.

Decides escribirlle un **correo electrónico** á túa amiga para informala.

No **texto**, de **260** a **300 palabras**, tes que:

- Comentarlle á túa amiga que as axudas do Igape poden ser interesantes para a empresa que queredes crear entre as dúas.
- Informar a túa amiga sobre o que é máis importante na convocatoria de axudas.
- Propoñerlle á túa amiga a que che parece que se debe dedicar a vosa empresa e explicar por que.
- Suxerirlle algunhas ideas para redactar o proxecto da empresa na próxima reunión.

Axudas para proxectos de empresas de nova creación (Galicia Emprende 2021)



**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) desenvolve un sistema de axudas de ata 400 000 euros para proxectos de nova creación en empresas e para aumentar o emprego en Galicia.

Para quen son as axudas?

Estas axudas están destinadas a pequenas empresas que se vaian crear en Galicia nos próximos tres meses.

As axudas tamén son para empresas que están dadas de alta con menos de 42 meses de antigüidade.

Os requisitos teñen que cumprilos no momento de cubrir a solicitude para a axuda.

Poden pedir estas axudas:

- As sociedades mercantís.
- As cooperativas.
- As asociacións.
- Outras empresas que se vaian crear cun compromiso asinado.



A maioría do capital social ou do diñeiro investido ten que ser propiedade de persoas emprendedoras.

O capital social dunha empresa está formado polo diñeiro e outras propiedades.

As persoas emprendedoras son as que non tiveron actividade económica nos 42 meses anteriores á data da solicitude.

Se a futura empresa aínda non está constituída, a solicitude da axuda poderán presentala as persoas físicas que vaian participar na futura empresa.

Unha persoa física é un individuo que ten dereitos e obrigas.

As persoas interesadas poderán presentar varias solicitudes de axuda se son para proxectos diferentes.

En calquera caso, se che conceden varias axudas, o importe total non pode superar o máximo de 400 000 euros.

A que tipo de empresas están destinadas as axudas?

A todo tipo de empresas que desenvolvan a súa actividade nos seguintes sectores:

- Pesca salvaxe e acuicultura ou cría de peixes.
- Produción agrícola primaria: cultivo, colleita, distribución, almacenamento e envasado de produtos do agro.

- Turismo rural.
- Formación e ensino a distancia.
- Creación de aplicacións para teléfonos móbiles.
- Instalación de equipos de uso doméstico ou industrial para a produción de enerxía termosolar.
A enerxía termosolar consiste en aproveitar a enerxía do sol para producir calor.

Requisitos principais dos proxectos

Recibirán estas axudas novos proxectos ou outros de ampliación de pequenas empresas en Galicia que, na data da presentación da solicitude de axuda, non teñan máis de 42 meses de antigüidade.

Outros requisitos que deben cumprir os proxectos son:

- Que teñan medios técnicos, económicos e financeiros.
- Ser proxectos completos; é dicir, non se lles darán axudas a partes de proxectos.
- Non podes gastar o diñeiro solicitado na axuda antes da presentación da solicitude.

Como se avaliará o proxecto?

Os proxectos valóranse de acordo co seguinte baremo xeral, cun máximo de ata 100 puntos:



- Ata 10 puntos por cada posto de traballo creado.
- Ata 20 puntos por investimentos superiores a 25 000 euros.
- Ata 20 puntos por pertencer á modalidade de empresa innovadora ou dedicada ás tecnoloxías.
- Ata 20 puntos pola aplicación de medidas que inclúan a empresa dentro da chamada economía verde e circular.
- Ata 10 puntos no caso de que as persoas emprendedoras realizaran cursos sobre como xestionar empresas.
- Ata 20 puntos para as entidades que pertencen a:
cooperativas, sociedades laborais, sociedades agrarias,
empresas de inserción e educación, fundacións e asociacións.

Cal e o prazo de presentación de solicitudes?

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, que comeza a contar desde o día seguinte á publicación das axudas no Diario Oficial de Galicia.

Onde se presenta a documentación?

A solicitude presentarase obrigatoriamente por Internet.

Ademais, as persoas interesadas deben entregar, xunto coa solicitude, a documentación que se indica a continuación:

- Unha memoria do proxecto, é dicir, unha descrición detallada das características do proxecto que se vai valorar, segundo o baremo indicado máis arriba.
- O informe dos anos cotizados na Seguridade Social das persoas participantes na entidade emprendedora (sociedades mercantís, cooperativas, asociacións e outras empresas).

Texto adaptado das bases publicadas na web do Igape



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

De:

Para:

Asunto:

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A2 test question.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

